



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN.

Estrada de Nogueira Nº 3. Luintra , 32160 OURENSE Tlfnos.: 988 20 10 23-988 20.18.03

Fax: 988.20.11.20 <http://www.nogueiraderamuin.gal>

LIQUIDACIÓN PROVISIONAL

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ENTRADA A ESPECTÁCULOS E OUTRAS ACTIVIDADES E SERVICIOS REALIZADOS POLO CONCELLO.

Publicación: BOP Nº 8 DE XANEIRO DE 2001

ANDAINA SOLIDARIA 2024

FOLLA DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____ TELÉFONO DE CONTACTO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

(Sinatura)

IMPORTANTE

A presente folla de inscrición deberá vir acompañada do xustificante de ingreso da cota de **8 euros** establecida para a obtención do dorsal correspondente. Remítase ao email: cultura@noqueiraderamuin.gal

Forma e lugar de pago: Mediante ingreso a favor do concello de Nogueira de Ramuín na entidade bancaria que se indica, debendo sinalar como concepto: **Andaina Solidaria**, cando efectúe o ingreso.

IBAN: ES38 2080 5312 3631 1034 6647

O pagamento deberá estar realizado no momento de solicitar acudir á Andaina (artigo 6)

AVISO DE CONFIDENCIALIDADE

Dacordo co disposto no artigo 5 da lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos formarán parte dos ficheiros do Concello de Nogueira de Ramuín, coa finalidade e a xestión administrativa do Concello. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos remitindo un escrito ó alcalde do Concello de Nogueira de Ramuín, Luintra 3, 32160 Nogueira de Ramuín (Ourense), achegando a copia da documentación que acredite a súa identidade. Existe a súa disposición unha copia do "Código de conduta de protección dos datos persoais" nas oficinas municipais do Concello de Nogueira de Ramuín.



BASES "ANDAINA SOLIDARIA 2024"

CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

A "Andaina Solidaria 2024" é unha camiñada non competitiva organizada polo concello de Nogueira de Ramuín a favor de: **AODEMPER** (Asoc. Ourensana de Esclerosis Múltiple, Párkinson y Enfermedades Raras)

Celebrarase no Concello de Nogueira de Ramuín o sábado día **23 de Novembro de 2024**.

Partirá da praza de Luíntra ás **10:30h.**, tendo os participantes que retirar os seus dorsais 30 minutos antes da saída.

A distancia do percorrido integro é de **13 km.** aprox., contemplándose un trazado alternativo de aprox. **9 km.** para quen decida non realizar a proba na súa totalidade. Estes trazados serán circulares, con saída e chegada no mesmo punto, e poderán ser modificados en función de imprevistos meteorolóxicos ou de calquera outra índole, avisando aos participantes o mesmo día da proba.

A participación queda establecida en 250 persoas como máximo (maiores de 18 anos ou de menores de 18 anos acompañados dun responsable)

As follas de inscrición poderanse descargar na páxina web: <http://www.nogueiraderamuin.gal/> remitíndose cumprimentadas xunto co xustificante de ingreso da cota ao correo electrónico cultura@nogueiraderamuin.gal ou entregándoas no establecemento colaborador: DEQUIP-OURENSE, antes Turini Sport (Avda. Habana 34, Ourense) .

A cota de inscrición é de **8 euros** por participante (poderanse facer achegas económica aínda que non se participe na camiñada, indicando no concepto: **FILA CERO - ANDAINA SOLIDARIA**)

O ingreso das cotas deberanse realizar no número de conta: ES38 2080 5312 3631 1034 6647 ata o día **20 de novembro** (data límite de inscricións), sendo o beneficiario o **Concello Nogueira de Ramuín**, e o concepto "**Andaina Solidaria 2024**". Rógase, en caso de ingresos conxuntos, indicar os nomes e apelidos de todos os participantes.

A dificultade da camiñada cualifícase de media no seu percorrido máis longo, e de dificultade media-baixa no máis curto.

Quedarán establecidos puntos de avituallamento de líquido e froita en distintos puntos do percorrido. Ao final da proba poderase gozar duns aperitivos.

O último avituallamento da ruta longa (**km. 9 aprox.**), quedará recollido, como máis tarde, ás 13:30h. e o dispositivo de control de cruces por parte de protección civil ás 14:00h.

A sinalización do percorrido irase retirando a medida que vaian pasando os pechacancelas, de tal forma que todos aqueles participantes que por causas alleas á súa condición física demoren a marcha, serán requiridos por estes para incorporarse ao ritmo adecuado ou ben para comunicarlle, en todo caso, que seguirán pola súa conta e risco.

Todo participante que decida retirarse antes do remate da camiñada, deberá comunicarllo á organización (ben directamente a algún compoñente da mesma ou de protección civil, ou por sms/WhatsApp ao teléfono 679 446 216), indicando o dorsal asinado ao inicio da proba.

A camiñada considerarase rematada cando cheguen ao punto estipulado como final da mesma as persoas da organización que veñen pechando os tramos.

Ao final da proba os participantes poderán dispor de duchas no polideportivo municipal.

Ao remate do "xantar de convivencia", haberá unha entrega de agasallos (previo sorteo) cedidos polas firmas colaboradoras da camiñada.

A organización reservase o dereito á cancelación ou aprazamento da proba en caso de baixa participación, inclemencias meteorolóxicas moi adversas ou por calquera outro motivo, colgando o aviso uns días antes na páxina web do concello así como na conta de Facebook do concello.

A participación na "Andaina solidaria 2024" implica a aceptación das bases da mesma.